

SOBREIRA

CORTICEIRA
(*Quercus suber*)
CLASE: Anxiospermas
ORDE: Fagales
FAMILIA: Fagáceas

Pode acadar os 25 m de altura. Ten o toro curto e grosa, coa tona grosa e suberosa (cortiza) e a folla persistente.

É unha árbore de orixe sur-europea e norteafricana.

En Galicia atópase nas zonas de clima mediterráneo, en Ourense (vales do Miño e Sil), no Ulla e nas Rías Baixas, en pés

illados no medio doutras árbores ou formando pequenas manchas boscosas

(sobreirais) xunto con carballos, rebolos, escornacabras, érbedos, loureiros...

En xeral son formacións abertas e moi alteradas polo aproveitamento da cortiza.

A cortiza da sobreira, polo seu grosor e elasticidade explótase comercialmente

Utilízase para rollas de botellas, láminas illantes e revestimentos de paredes e pisos.

Noutros tempos utilizouse para facer trobos para as colmeas e boias para os aparellos de pesca.

A colleita de cortiza faise cada 7 anos.


A cortiza utilízase tamén como astrinxente.



A tona das sobreiras (cortiza) é grosa, esponxosa, moi enrugada e fendida. As árbores presentan aspecto distinto se manteñen a tona orixinal (cor gris, moi gretada) ou se lles foi retirada (de vermello a castaño escuro e con menos fendas).



As follas son, ovas, de 3 a 7 cm de lonxitude e 2 a 3 cm de ancho, rixidas, coa beira enteira ou lixeiramente ondeada con pequenas espiñas, lisas e de cor verde escura polo dereito e máis craras e peludas polo envés.



A flores masculinas son amentos colgantes de cor verde-amarela. As flores femininas son pequenas e forman grupos reducidos.



Os froitos son landras de 3 cm de lonxitude, cubertas na súa metade por unha cúpula escamosa.

Sobreira de Balboa. (A Estrada). É a máis antiga de Galicia, con arredor de 500 anos. Mide 15 m de altura e preto dos 9 m de perímetro.



Sobreira de Santiorxo, San Cosme de Liñares (Pobra de Brollón-Lugo). Ten preto de 500 anos, 16 m de altura, e un diámetro considerable debido as nórregas que rodean o toro. O interior está oco.

Sobreiral do Arnego, o único bosque de sobreiras que se conserva en Galicia no que se explota a cortiza.



ACIÑEIRA

(*Quercus ilex*)
CLASE: Anxiospermas
ORDE: Fagales
FAMILIA: Fagáceas

Árbore de ata 12 m que moitas veces non pasa de arbusto, co toro forte e a tona case negra, áspera, fendida en placas cadradas pequenas. Ten a copa moi ampla e a folla persistente.

É orixinaria da rexión mediterránea.

En Galicia atópase nos vales do Sil, do Limia e do Tamega e asociada ás rochas calcárias en Cruzul (Becerreá) e no Courel formando pequenas manchas (carrasqueiras ou aciñeirais) onde a acompañan abruñeiros, sangomiños, acivros, e nas zonas ourensás estripas, érbedos e escornacabras.

Son formacións de pouca extensión pero de gran interese ecolóxico.

A aciñeira usouse moito como combustible e para facer carbón para as ferrerías.

A tona úsase como astrinxente



As flores son unisexuais, as masculinas forman amentos colgantes e as femininas nacen en pequenos grupos cun rabo curto.



As follas son elípticas, de ata 7,5 cm de lonxitude e 5 cm de ancho, duras, coa beira lisa ou con algúns dentes pequenos, co dereito de cor verde-gris brillante e o envés máis craro e peludo.



As landras miden de 1,5 a 3,5 cm de lonxitude e de 1 a 2 cm de grosor. Están cubertas pola cúpula ata 1/3 da súa lonxitude. Maduran entre outubro e novembro.



Acíñeira da igrexa de Encíñeira (Quiroga). Ten máis de cen anos. Ardeu parcialmente no verán de 2005.



Acíñeiral de Cruzul. (Becerreá-Lugo). O máis septentrional de Galicia e da Península Ibérica. Está asentado sobre un banco de rochas calcárias dolomíticas con fortes pendentes que proporcionan un ambiente seco.

Acíñeira de Cobas (Rubidá-Ourense). É a máis grande e máis antiga de Galicia, con preto de 400 anos. Mide 17,50 m de alto e 6 m de perímetro. Segundo unha lenda local debaixo da pedra que está na base do toro hai enterrado un tesouro do tempo dos mouros.